

Resolución do 06 de xullo de 2018, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil Prevención/Defensa/Extinción Contra Incendios Forestais, pola que se aproba e se fai pública a lista provisional de contratación, se propón ó Director Xerente a lista de contratación, se crea a lista de agarda, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro de Montes, perfil Prevención/Defensa/Extinción Contra Incendios Forestais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Incidencias proba teórica

A Comisión de Selección acorda anular a pregunta nº 30 da proba teórica correspondente á categoría Xefe de Brigada, celebrada en Santiago de Compostela o pasado 18 de xuño de 2018, pasando polo tanto a puntuar a primeira pregunta de reserva.

En consecuencia, acórdase publicar a plantilla de resultados definitiva.

Segundo.- Aprobar a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar a lista provisional de contratación de candidatos por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, e puntuación.

Terceiro.- Facer pública a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, acordou facer publica a lista provisional de contratación de candidatos, por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, e puntuación.

Cuarto.- Lista de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, propónse ó Director-Xerente a lista de contratación.

Quinto.- Lista de agarda.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 4, das que rexen o proceso, os candidatos que, superado o proceso selectivo, non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda que se configura cos candidatos non contratados.

Sexto.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de Seaga, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de Seaga.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aprobe e se faga pública a relación de candidatos e a lista de contratación.

As reclamacións so poderán ser presentadas **de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h e o venres de 9:00 h a 14:00 h** nas oficinas de rexistro de Seaga sita no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela - A Coruña, **ou de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h** nas oficinas de rexistro de Seaga sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, Parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo, nº 54 36143, Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo – Bergondo.

O prazo de presentación de reclamacións remata o **13 de xullo de 2018**.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 06 de xullo de 2018.

O Presidente da Comisión de Selección.



Asdo.- Martín Martínez Abal.



PROBA SELECTIVA NA CATEGORÍA DE ENXEÑEIRO DE MONTES
PERFIL PROFESIONAL “PREVENCIÓN/DEFENSA/EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS”

FOLLA DE RESPOSTAS

1	[A] [B] [C] [D]	11	[A] [B] [C] [D]	21	[A] [B] [C] [D]	31	[A] [B] [C] [D]
2	[A] [B] [C] [D]	12	[A] [B] [C] [D]	22	[A] [B] [C] [D]	32	[A] [B] [C] [D]
3	[A] [B] [C] [D]	13	[A] [B] [C] [D]	23	[A] [B] [C] [D]	33	[A] [B] [C] [D]
4	[A] [B] [C] [D]	14	[A] [B] [C] [D]	24	[A] [B] [C] [D]	34	[A] [B] [C] [D]
5	[A] [B] [C] [D]	15	[A] [B] [C] [D]	25	[A] [B] [C] [D]	35	[A] [B] [C] [D]
6	[A] [B] [C] [D]	16	[A] [B] [C] [D]	26	[A] [B] [C] [D]	36	[A] [B] [C] [D]
7	[A] [B] [C] [D]	17	[A] [B] [C] [D]	27	[A] [B] [C] [D]	37	[A] [B] [C] [D]
8	[A] [B] [C] [D]	18	[A] [B] [C] [D]	28	[A] [B] [C] [D]	38	[A] [B] [C] [D]
9	[A] [B] [C] [D]	19	[A] [B] [C] [D]	29	[A] [B] [C] [D]	39	[A] [B] [C] [D]
10	[A] [B] [C] [D]	20	[A] [B] [C] [D]	30	[A] [B] [C] [D]	40	[A] [B] [C] [D]

PREGUNTAS DE RESERVA

- 41 [A] [B] [C] [D]
42 [A] [B] [C] [D]
43 [A] [B] [C] [D]
44 [A] [B] [C] [D]
45 [A] [B] [C] [D]